



A COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS ECOLÓGICOS: OPORTUNIDADES PARA A VENDA SEN NECESIDADE DE CERTIFICACIÓN

Aquelas empresas que se dediquen á venda de produtos ecolóxicos a granel directamente ao consumidor final, como froita, produtos cárnicos ou da acuicultura ecolóxica, e que non sexan produtores primarios, distribuidores, almacenistas ou transformadores, teñen unha oportunidade de comercializar os seus produtos ecolóxicos sen necesidade de estar certificados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, Craega, grazas a unha exención aprobada pola Consellería do Medio Rural que permite a normativa europea da produción ecolóxica.

Os produtores ecolóxicos que, ademais de obter produtos de orixe animal ou vexetal, fagan unha venda directa destes ao consumidor final, como, por exemplo, os horticultores ou gandeiros ecolóxicos, non dispoñen desta exención e están na obriga de estar certificados (Orde do 12 de setembro de 2022, pola que se establecen normas en relación coa comercialización dos produtos ecolóxicos. (DOG nún 179 do 20 de setembro de 2022))

CAL É O LÍMITE PARA COMERCIALIZAR PRODUCTOS A GRANEL SEN ESTAR CERTIFICADO?

O comercializador debe vender menos de 5.000 kg ou menos de 20.000 euros/ano de produtos a granel. Con cumprir polo menos unha das dúas condicións pode acollerse á exención e comercializar produtos ecolóxicos sen estar certificado.

HAI QUE FACER ALGÚN TRÁMITE PARA ACOLLERSE A ESTA EXENCIÓN?

Os comercializadores minoristas que cumpran os requisitos de exención deben notificar ao Craega a súa actividade de venda de graneis, declarando os quilogramos comercializados e o importe das vendas no ano pechado anterior, por exemplo, as do ano 2023.

QUE SUCEDE SE AS MIÑAS VENDAS DE GRANEIS ECOLÓXICOS, DESPOIS DE NOTIFICAR A ACTIVIDADE EXENTA, SUPERAN ESES LÍMITES?

No caso de que se superen os límites, o comercializador deberá iniciar o proceso de certificación para poder seguir vendendo graneis, para o cal se debería poñer en contacto co Craega e seguir o procedemento establecido.

COMO COMPUTAN AS VENDAS DE GRANEIS ECOLÓXICOS SE TEÑO VARIOS ESTABLECEMENTOS?

As vendas se agrupan tendo en conta o NIF, co cal, se a suma das vendas en varios establecementos superan os límites, todos deberían estar baixo certificación; e, pola contra, se a suma de todos eles está por debaixo do límite, estarían todos eles exentos.

POLO FEITO DE TER VARIOS ESTABLECEMENTOS VAI SER MÁIS CARA A CERTIFICACIÓN?

Os responsables do Craega, na súa acción inspectora, seleccionarán unha mostra de establecementos que van auditar cada ano segundo o plan de control, e a entidade certificadora cobrará unha taxa mínima fixa por NIF e número de establecementos e outra variable en función dos graneis comercializados.

ONDE ME PODO INFORMAR SE TEÑO MÁIS DÚBIDAS?

Pode contactar coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria no correo electrónico certificacion.agacal@xunta.gal ou ben no teléfono 981 540 252; e para cuestións relativas á certificación, co craega@craega.es ou no teléfono 982 405 300.



Taxas do Craega para operadores sen exención

As taxas do Craega establecen uns custos por inscrición e por apertura de expediente no primeiro ano. Nos seguintes exercicios económicos o custo de renovación é de 70 euros, ademais dunha cota variable segundo o número de establecementos adheridos, que oscila entre 190 e 410 euros. O operador con máis dun centro pagaría a cota máxima que lle corresponda polo primeiro centro e o resto a razón de 190 euros cada un.

Ademais hai unha cota por exacción de vendas a abonar segundo o volume de produtos ecolóxicos comercializados a granel que para o ano 2024 é do 0,4% das vendas. Esta cota só supón un custo adicional cando o seu importe é superior ao do custo polos establecementos. Nese caso habería que pagar só a diferenza. Polo tanto, para un certo volume de vendas conxuntas non é relevante que se fagan nun ou varios locais, e non representa máis custo.



Notificación de actividade e declaración do cumprimento dos requisitos de exención de certificado para a venda polo miúdo de produtos ecolóxicos a granel.

Don/dona _____, con NIF _____,
en representación da empresa _____, con dirección en _____
_____, con NIF _____, con nº de teléfono _____
e correo electrónico _____ de conformidade co establecido na Orde

da Consellería do Medio Rural do 12 de setembro de 2022, declaro que:

- a) As vendas de produtos ecolóxicos que realiza a empresa son exclusivamente a persoas consumidoras finais.
- b) A empresa non produce nin prepara produtos ecolóxicos no punto de venda, nin importa os ditos produtos de terceiros países, nin subcontrata tales actividades a un terceiro.
- c) A empresa só almacena no punto de venda os produtos ecolóxicos e non subcontrata tal actividade a un terceiro.

Así mesmo, declaro os seguintes datos da actividade da empresa referidos ao último exercicio pechado (ano _____):

- Vendas en kg de produtos ecolóxicos a granel: _____
- Facturación en euros de produtos ecolóxicos a granel: _____
- Porcentaxe do custo de certificación teórico sobre o total de vendas de produtos ecolóxicos a granel: _____

Relación de establecementos da persoa operadora comercializara baixo o mesmo NIF

(pódese engadir anexo con relación) _____

Conforme o anteriormente recollido, notifico a actividade como operadora comercializadora de produtos ecolóxicos da empresa que represento nos establecementos indicados e declaro que esta empresa cumpre os requisitos establecidos no artigo 5 da Orde da Consellería do Medio Rural do 12 de setembro de 2022 para a súa exención da obtención do certificado a que se refire o artigo 35 do Regulamento (UE) 2018/848.

Así mesmo, comprométome a comunicar calquera variación nos datos aquí declarados se esta puidese afectar o cumprimento dos requisitos necesarios para a devandita exención.